

## A peregrinación como fenómeno universal

Iníciase o percorrido da planta baixa mostrando a peregrinación como unha práctica inherente ás crenzas do ser humano, presente en calquera época e en calquera lugar do planeta. As **distintas culturas** e as **distintas relixións** xeran formas diferentes de peregrinar que lle outorgan á peregrinación unha gran riqueza e variedade de expresións e producen pola súa vez obxectos rituais moi diversos e singulares.



Moeda coa translación do corpo do Apóstolo. Óbolo. Ceca compostelá. Reinado de Fernando II de León. 1157-1188.



O Museo das Peregrinacións e de Santiago creouse en 1951 e abriu as súas portas ao público de xeito permanente en 1996 na sede da Casa Gótica (rúa de San Miguel), edificio emblemático que na actualidade acolle, entre outras dependencias, as áreas técnicas e administrativa así como a biblioteca.

En novembro de 2015 abriu ao público a sede das Praterías, nun inmoble que albergou o antigo Banco de España, remodelado polo Consorcio de Santiago con proxecto de Manuel Gallego Jorreto.

### Sedes

Área expositiva, auditorio e cafetería.  
Praza das Praterías, 2  
Tfno.: +34 981 566 110  
15704-Santiago de Compostela

Biblioteca, áreas administrativa, técnica, de investigación e directiva.  
Rúa san Miguel, 4 (Casa gótica)  
Tfno.: +34 981 581 558  
Fax: +34 981 581 955  
15704-Santiago de Compostela

### Horario

Martes a venres, de 09:30 a 20:30  
Sábados, de 11:00 a 19:30  
Domingos e festivos, de 10:15 a 14:45  
Pechado:  
Todos os luns.  
1 e 6 de xaneiro; 1 de maio; 24, 25 e 31 de decembro; un festivo local.



XUNTA DE GALICIA

galicia

<http://museoperegrinacions.xunta.gal/>  
[www.facebook.com/museodasperegrinacionsdesantiago](http://www.facebook.com/museodasperegrinacionsdesantiago)



DL C 1953-2016



MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO



XUNTA DE GALICIA



A exposición permanente percorre tres plantas do edificio e abrangue tres áreas temáticas:

- A peregrinación como fenómeno universal.
- A peregrinación xacobeá e o Camiño de Santiago
- O nacemento e a evolución da cidade de Santiago.




[Códice de indumentaria feminina]. Pergameo acquarelado. Anónimo. Entre 1530-1550.



Concha de peregrino. C. 1120. Procedente dun enterramento da Catedral de Santiago de Compostela



Santiago peregrino. Óleo sobre táboa. Juan de Flandes. Estilo hispano-flamenco. 1505-1519. Depósito do Museo Nacional do Prado.



1

## A peregrinación e o Camiño de Santiago

Na mesma planta baixa e continuando na primeira planta trátase a orixe da peregrinación xacobeá e o nacemento e evolución do Camiño de Santiago. Primeiro, preséntase a Santiago o Maior no seu **contorno xeográfico e familiar** para despois degrañar a figura de Santiago como **discípulo de Xesús**, a tradición da súa predicación en *Hispania* ou a translación do seu corpo a *Gallaecia* envolta nunha apaixonante lenda. Suxestivos fondos artísticos, arqueolóxicos, bibliográficos ou documentais contextualizan todos estes aspectos.

Cara aos **anos 820-830**, baixo o reinado de Afonso II e no pontificado de Teodomiro, bispo de Iria, ten lugar o descubrimento do sepulcro que se identificaría como a tumba de Santiago. **Xorde a peregrinación a Compostela**, vaise configurando o Camiño de Santiago, reflexo simbólico da Vía Láctea. A partir do século XI consolídase e nos séculos posteriores acadada o seu grande esplendor. As diferentes **rutas**, as **infraestruturas** ou o **urbanismo** que xera ao longo do seu percorrido aparecen aquí reflectidos.

O relato do museo quere subliñar ao peregrino como actor protagonista da peregrinación. As motivacións, os libros de viaxe, os medios de transporte, a protección e a asistencia na viaxe, a indumentaria e os recordos de peregrinación aparecen ilustrados a través de interesantes fondos da colección.

Na primeira planta salientáanse a importancia da **literatura** e da **música** da peregrinación como linguaxe universal dos peregrinos. A continuación reciben unha referencia especial os principais **símbolos xacobeos** –vieira e cruz de Santiago– cunha selecta representación de bens culturais que explican a súa orixe e o seu uso, tanto simbólico como decorativo.

O espazo central nesta planta dedícase aos diferentes tipos que se foron xerando para representar a Santiago, como **Apóstolo**, **Peregrino** e **Cabaleiro**. Introducímolos así na iconografía xacobeá, da que se expón unha pequena escolma dos fondos con que conta o museo. Entre as numerosas obras de pintura, escultura, tecidos, gravado etc., destacan as táboas de Juan de Flandes e Juan de Juanes (século XVI).

Remata a visita nesta planta con singulares producións artísticas que nos falan da presenza de Santiago no mundo, tanto en España coma no resto de Europa. Destaca o especial arraigamento que tivo en América o culto ao Apóstolo.

## Nacemento e evolución da cidade de Santiago de Compostela

O lugar no que se localizaron os restos identificados como o **sepulcro do apóstolo Santiago** transformouse nun santuario arredor do que xurdiría o *Locus Sancti Iacobi*. Un pequeno núcleo rural que daría orixe, ao longo da Idade Media, á cidade de Santiago de Compostela. Na segunda planta, a través dunha estudada selección de pezas, así como de recursos audiovisuais, explícase tanto a evolución do templo dedicado ao Apóstolo como o desenvolvemento urbanístico da cidade.

Mención especial merecen os restos arqueolóxicos exhibidos, tanto os atopados en Compostela coma os procedentes do *Castelo da Rocha Forte*, referente simbólico do poder feudal, e que explica a preponderancia da cidade no medievo baixo o señorío do arcebispo Compostelán.



Este yugo medieval foi localizado no transcurso dos labores arqueolóxicos desenvolvidos no soar do edificio do museo durante a rehabilitación deste.

A **vida económica** está presente na exposición a través das obras producidas durante séculos nos obradoiros dos artesáns e nas actividades dos **gremios da cidade**: cambiadores, correeiros, zapateiros, gravadores e sobre todo acibecheiros e prateiros.

O **redescubrimento dos restos** do Apóstolo no ano **1879** dá comezo ás peregrinacións modernas e redonda na revitalización da cidade e do Camiño ata conseguir alcanzar o auge actual.

Na terceira planta conclúe a visita cunha panorámica excepcional do conxunto histórico de Santiago, nunha pequena área de espacemento que permite o acceso á cafetería.

Santiago con orantes. Acibeche. Obradoiro compostelán. Entre 1476-1600. Procedente da colección da Familia real de Baviera.

